



GUÍA DOCENTE DE **REPERTORIO CON INSTRUMENTO DE TECLA ACOMPAÑANTE I-V**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de outubro)

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | | |
|---|----------------|----|----------|----|----------|----|----------|---------------|---------------|--------------------------|------|
| DISCIPLINA: REPERTORIO CON INSTRUMENTO DE TECLA ACOMPAÑANTE I-V | | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | Interpretación | | | | | | | ITINERARIO | Acordeón | | |
| CARÁCTER | Obrigatoria | | | | | | | TIPO DE CLASE | Individual | | |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | DEPARTAMENTO | Piano acompañante | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | I | | Horas de clase semanais: | 1 h. |
| ECTS/CUAD. | | | | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | Observacións: | | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|--|---|
| DESCRIPTOR: | Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación con acompañamento pianístico, afondando en repertorios específicos da propia especialidade instrumental. Comprensión da variedade de enfoques estilísticos e requirimentos asociados á interpretación que confiren a esta disciplina un carácter flexible e adaptable aos distintos instrumentos, á voz e aos estilos e tradicións interpretativas. Preparación adecuada para a interpretación en público. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior. |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | As materias coa denominación Repertorio |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T3, T6, T13 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X2, X3, X11, X19, X21 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EI1, EI3, EI4, EI5, EI10 |
| Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---------------------------|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| 1. Coñecer as características estilísticas, estéticas e a tradición interpretativa das pezas para instrumento solista e orquestra máis salientables do itinerario instrumental que estea a cursar o alumno, coa super visión e o apoio do pianista acompañante. | Todas |
| 2. Desenvolver as técnicas de interpretación solista con piano concertante ou con acompañamento da parte orquestral reducida a piano. | Todas |
| 3. Practicar o repertorio a dúo con piano ou piano concertante, a través da redución da parte orquestral a acompañamento pianístico. | Todas |
| 4. Interpretar en público o repertorio traballado nos ensaios, cunha calidade válida e amosando entidade artística. | Todas |
| 5. Desenvolver a capacidade de traballo en grupo, de compromiso e optimización do esforzo. | Todas |



4. CONTIDOS

| |
|---|
| Repertorio |
| Adaptación e equilibrio entre solista e acompañamento pianístico/orquestra. |
| Técnicas de interpretación |
| A interpretación en público |

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

| ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | QUALIDADE | TEMPORALIZACIÓN |
|-------------------------|-----------------|--------------------------|
| Clases | Presenciais | Todo o cuadrimestre |
| Audición cuadrimestral | Presenciais | Ao final do cuadrimestre |
| Traballo persoal | Non presenciais | Todo o cuadrimestre |

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres.